

ACTA NÚMERO: 48/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 18 de decembro de 2025 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 11 de decembro de 2025 (Reunión 47/2025).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A15000649) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025069721).
3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Iniciativas Audiovisuais de Vigo, S.L.U. (CIF B27755412) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025068917).
4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial La Capital, S.L. (CIF B15162068) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025070532).
5. Dar conta da oferta presentada pola empresa ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. (B86900057) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación da subministración do licenciamiento asociado ao software ESRI. (Expte.- 2025070769).
6. Dar conta da oferta presentada por PABLO PARDO SANCHEZ (35560710L) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a "Adquisición por compravenda de dúas obras pictóricas a D. Pablo Pardo Sánchez (Galería de Arte AF)". (Expte.- 2025067452).
7. Cuestións incidentais relacionadas coa valoración dunha oferta presentada por unha empresa que opta á adxudicación do lote número 1 do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2025025952).
8. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025065257).
9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)". (Expte.- 2025068408).
10. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" corresponde á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-limite co Concello de Mondariz (Concello de Pontearreas)". (Expte.- 2024081885).
11. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-limite co Concello de Mondariz (Concello de Pontearreas)". (Expte.- 2024081885).
12. Aprobación da valoración técnica dos sobres "A" corresponde á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Intervención da mellora da accesibilidade da Vía da Prata (Tramo da E.p. 6511 p.q. 0+000 - 0+150 Bandeira (Concello Silleda)". (Expte.- 2024080447).



13. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Intervención da mellora da accesibilidade da Vía da Prata (Tramo da E.p. 6511 p.q. 0+000 - 0+150 Bandeira (Concello Silleda)". (Expte.- 2024080447).*
14. *Aprobación de valoración técnica dos sobres "A", do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)-PRTR" (Expte.- 2024078759)*
15. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)-PRTR" (Expte.- 2024078759)*
16. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte para o equipamento da Rede Troncal da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025067223).*
17. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliables mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración e renovación de licenciamento do software ADOBE para a Deputación de Pontevedra.". (Expte.- 2025063696).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 11 de decembro de 2025 (Reunión 47/2025).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 11 de decembro de 2025 (Reunión 47/2025).

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A15000649) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025069721).*

Por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Faro de Vigo, S.A.U. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade de 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación



a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 26/11/2025.

A empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	233.057,85 €
IVE (21 %)	48.942,15 €
Importe ofertado con IVE	282.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Iniciativas Audiovisuais de Vigo, S.L.U. (CIF B27755412) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025068917).*

Mediante Resolución Presidencial número 2025010184 de data 15 de decembro de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Iniciativas Audiovisuais Vigo, S.L.U. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade de 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a Iniciativas Audiovisuais Vigo, S.L.U. (CIF B27755412), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 25/11/2025.

A empresa Iniciativas Audiovisuais Vigo, S.L.U. (CIF B27755412) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	26.446,28 €
IVE (21 %)	5.553,72 €
Importe ofertado con IVE	32.000,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Iniciativas Audiovisuais Vigo, S.L.U. (CIF B27755412), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial La Capital, S.L. (CIF B15162068) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025070532).*

Mediante Resolución Presidencial número 2025010184 de data 15 de decembro de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de Iniciativas Audiovisuais Vigo, S.L.U. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade de 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a Iniciativas Audiovisuais Vigo, S.L.U. (CIF B27755412), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 25/11/2025.

A empresa Iniciativas Audiovisuais Vigo, S.L.U. (CIF B27755412) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	26.446,28 €
IVE (21 %)	5.553,72 €
Importe ofertado con IVE	32.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Iniciativas Audiovisuais Vigo, S.L.U. (CIF B27755412), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

5. *Dar conta da oferta presentada pola empresa ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. (B86900057) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación da subministración do licenciamiento asociado ao software ESRI. (Expte.- 2025070769).*



Por Resolución Presidencial número 2025010001, de data 09/12/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, da “Subministración do licenciamiento asociado ao software ESRI”.

Na mesma Resolución, acordouse invitar á empresa ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. (B86900057), a presentar proposición no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 10/12/2025.

A citada empresa presentou oferta, e con data 12/12/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada polo empresario foi a seguinte:

Importe sen IVE	58.274,00 €
IVE (21%)	12.237,54 €
Importe total ofertado	70.511,54 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. (B86900057), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación da “Subministración do licenciamiento asociado ao software ESRI.”

6. *Dar conta da oferta presentada por PABLO PARDO SANCHEZ (35560710L) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a "Adquisición por compravenda de dúas obras pictóricas a D. Pablo Pardo Sánchez (Galería de Arte AF)". (Expte.- 2025067452).*

Por Resolución Presidencial número 2025009872, de data 04/12/2025, aprobouse o expediente para a “Adquisición por compravenda de dúas obras pictóricas a D. Pablo Pardo Sánchez (Galería de Arte AF)”, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade.

Na mesma Resolución, acordouse invitar a D. Pablo Pardo Sánchez (35560710L) a presentar proposición no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 09/12/2025.

O licitador presentou oferta, e con data 12/12/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación resulta admitido no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte: 30.000,00 € (Exento de IVE por estar a entrega sometida a REBU (Réxime especial de bens usados, obxectos de arte de colección e antigüedades) segundo o establecido no art. 135 e ss da Lei 34/192, de 28 de decembro, do IVA e no art. 311 e ss da Directiva 2006/112/CE)



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por D. Pablo Pardo Sánchez (35560710L) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a “Adquisición por compravenda de dúas obras pictóricas a D. Pablo Pardo Sánchez (Galería de Arte AF)”,

7. Cuestións incidentais relacionadas coa valoración dunha oferta presentada por unha empresa que opta á adxudicación do lote número 1 do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra”. (Expte.-2025025952).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo nº 20.35872, adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de decembro de 2025, deixouse sen efecto e anulouse o acordo de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra, adoptado en data 24 de outubro de 2025, en execución da Resolución 238/2025 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).

No devandito acordo, tamén se ordenou a retroaccións das actuacións ao momento anterior á valoración dos criterios de adxudicación de carácter automático para efectuar unha nova valoración, de forma máis completa, precisa e inequívoca en relación ao cumprimento dos pregos.

En base ao exposto, a Mesa de Contratación acorda:

- Requirir á empresa CANON ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28122125) para que, dentro do prazo de cinco (5) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 95 da LCSP e en cumprimento do contido na resolución 238/2025 do TACGAL e no acordo de Xunta de Goberno nº 20.35872 do día 12 de decembro de 2025:
 - 1) Confirmación expresa de se a solución ofertada no Lote nº 1 (equipo(s) e configuración conxunta con todos os elementos ofertados) cumpre o requisito/umbral de consumo establecido no criterio de adxudicación *«consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500W»*.
 - 2) Acreditación documental de dito cumprimento, aportando a documentación obxectiva que permita a súa comprobación indicando, polo menos:
 - a. Modelo(s) exacto(s) e configuración á que corresponde o dato de consumo (incluíndo periféricos/elementos que integren a solución conxunta).
 - b. Valor/es de consumo declarados, unidade e conxunta.
 - c. Método de determinación (cálculo/medición) e referencia normativa ou estándar utilizado, se existe.



- d. Documentos soporte, tales como (a título orientativo): ficha técnica oficial, certificado/etiquetado enerxético aplicable, informe de ensaios de entidade independente ou acreditada, ou declaración do fabricante con referencia verificable ao documento técnico correspondente.

O requirimento ten por obxecto unicamente a aclaración e acreditación do extremo indicado, sen alteración do contido da oferta.

8. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025065257).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público en data 11/12/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 11/12/2025 procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

1	TEKNEI INFORMATION TECHNOLOGY, S.L.	B86275112
---	-------------------------------------	-----------

Na reunión da Mesa de Contratación do día 11/12/2025, tamén se procedeu á apertura electrónica do sobre "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Menor Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 130.685,77 €

IVE (21%): 27.444,01 €

Importe total ofertado: 158.129,78 €



Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas da empresa admitida, obtén a seguinte puntuación:

Empresas	total
TEKNEI INFORMATION TECHNOLOGY, S.L	41,51

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación da oferta admitida do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de licenzas para o software IMB Filenet Content Manager da Deputación de Pontevedra, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIONES TOTAL
1ª	TEKNEI INFORMATION TECHNOLOGY, S.L	41,51 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato para a subministración de licenzas para o software IMB Filenet Content Manager da Deputación de Pontevedra, á empresa TEKNEI INFORMATION TECHNOLOGY, S.L.

9. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)”. (Expte.- 2025068408).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 21 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

10. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" corresponde á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)". (Expte.- 2024081885).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación número 2025009030 de data 10 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para execución da obra "*Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



A presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e as empresas admitidas foron as seguintes:

- BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- UTE OBRAS GALLAECIA ,S.L.- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.
- NAROM, S.L.
- SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 4 de decembro de 2025 procedeu á apertura dos sobres "A", documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao e o Xefe da Sección de Proxectos Jaime David Ruibal de Sola, con data 16 de decembro de 2025, emitiron informe conxunto relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
UTE OBRAS GALLAECIA ,S.L.- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	14,00	3,00	17,00
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	4,00	1,00	5,00



A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao e do Xefe da Sección de Proxectos Jaime David Ruibal de Sola, de data 16 de decembro de 2025,, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "*Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)*".

11. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)*". (Expte.- 2024081885).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "*Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira-límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)*".

LICITADORES	PUNTUACION SOBRE "A"
UTE OBRAS GALLAECIA ,S.L.- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	23,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	19,00
NAROM, S.L.	19,00
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	17,00
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	5,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas



que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

A empresa “Braio Multiservicios, S.L.”, non alcanzou na valoración do sobre “A” a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, motivo polo que non se procedeu á apertura da súa oferta presentada no sobre “B”.

Os valores ofertados polas empresas que seguen neste procedemento aberto simplificado foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	148.860,80 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	149.635,94 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
